

Acta da sesión ordinaria do **Comité Ambiental** celebrada o día **14 de decembro de 2017** na Sala de Xuntas do Departamento MIDESDIDES (P1A) da Facultade de Ciencias da Educación, coa asistencia dos seguintes membros:

**Vicedecano de Infraestruturas:** Roberto Suárez Brandariz

**Xefe Servizo Conserxaría:** Fernando Eiríz Gallego

**Coordenador Técnico:** Pedro Vega Marcote

**Secretaria Comité:** Araceli Serantes Pazos

**Sector Docentes:**

Ánxela Bugallo Rodríguez

Carlos de Paz Villasenín

Eva Espiñeira Bellón

Eduardo Pásaro Méndez

Juan Carlos Rivadulla López

Nuria Rebollo Quintela

**Sector Alumnado:**

Estefanía Franco Álvarez

Iván Cao Gaudeoso

Rodrigo Gil Cedillo

Vanessa Pazos Leis

Carolina Val Rey

Lucía Vázquez Ben

Desculpa a súa asistencia a profesora Blanca Laffón Lage.

Comenza a sesión as 13:00 horas, para trata-lo seguinte **Orde do día:**

**PUNTO 1.- Leitura e aprobación, si é o caso, do acta da sesión anterior.**

Toma a palabra o Vicedecano que xustifica a ausencia do decano por problemas de axenda. Remite as actas pendentes de aprobar a una próxima reunión.

**PUNTO 2.- Informe das actividades realizadas.**

O Vicedecano dalle a palabra ao Coordinador Técnico do Comité o profesor Pedro Vega para que informe sobre as principais actuacións realizadas:

- 1) Categorización dos residuos da Facultade por bolseiros da OMA e alumnado da Facultade.

- 2) Exposición sobre os residuos con paneis explicativos da separación en orixe e de contenedores transparente dos residuos mal depositados.
- 3) Conferencia do director da OMA sobre os residuos e realización duha enquisa con alumnado da Facultade.
- 4) Información polas clases dos resultados e propostas de millora.
- 5) Actualización do facebook e da web e do tablón de Green Campus.

### **PUNTO 3.- Actuacións próximo trimestre.**

A facer uso da palabra o Coordinador Técnico do Comité o profesor Pedro Vega que expón as previsións cara o próximo trimestre:

- 6) Repetir a experiencia dos residuos e poñer unha illa de residuos máis completa na planta 0.
- 7) Retirar as papeleiras das clases e poñer puntos limpos no pasillo coa información correspondente.
- 8) Facer unha campaña para reducir o uso do ascensor e promover as escaleiras como alternativa saudable, utilizando unha campaña da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
- 9) Reunión co profesorado coordinador de curso e grao, e cos delegados do alumnado para establecer un plan de actuacións prioritarias co fin de millorar a sustentabilidade da Facultade.
- 10) Continuar coa ambientalización curricular según o cronograma previsto para este curso e promover que os eventos que se celebren na Facultade teñan o menor impacto ambiental posible.
- 11) Mellora na recollida e reutilización dos residuos electrónicos.

### **PUNTO 4.- Rolda de intervencións.**

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión.

Asdo.: Araceli Serantes Pazos